

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE SILLEDA NO QUE SE ESTABLECEN AS BASES PARA A REFORMA DA CUBERTA DO CONSULTORIO DE BANDEIRA**

Na data da sinatura dixital,

### **REUNIDOS**

Dunha parte, **don Antonio Gómez Caamaño**, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, (CIF Q6550006H), organismo autónomo adscrito a dita consellería, actuando en nome e representación deste último, no exercicio das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e de conformidade co establecido no Decreto 145/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

E doutra parte, **dona Paula María Fernández Pena**, actuando en nome e representación do Concello de Silleda (CIF P36052001), en virtude da súa condición de alcaldesa-presidenta da citada corporación, segundo o disposto no artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e o artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

As partes intervinientes recoñécense capacidade legal para outorgar o presente convenio, e para estes efectos,

### **EXPOÑEN**

I. O artigo 1 do Decreto 144/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, determina que esta é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control da execución da política da Xunta de Galicia en materia de saúde, planificación e asistencia sanitaria e farmacéutica, así como do exercicio das competencias da Xunta de Galicia para asegurar á cidadanía o dereito á protección da saúde.

Así mesmo, o artigo 1 do Decreto 145/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, determina que este é o organismo

autónomo de natureza administrativa adscrito á Consellería de Sanidade, configurado para o axeitado desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia.

II. Os convenios entre administracións públicas constitúen o elemento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como establecen o artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

III. Neste senso, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións públicas mediante fórmulas que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos que, neste caso, se concreta no presente convenio de colaboración.

IV. A fin de dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da poboación, mediante actuacións que permitan mellorar as dotacións e infraestruturas adicadas á atención asistencial á cidadanía no concello, faise necesario acometer a substitución da cuberta do Consultorio de Bandeira.

V. Tal e como se pon de manifesto no proxecto técnico de substitución de cuberta, elaborada pola arquitecta Marlene Pérez Sanchez de marzo de 2025 e promovida polo Concello de Silleda, o Consultorio de Bandeira require dunha serie de actuacións para o acondicionamento e mellora das súas instalacións que se foron deteriorando co paso do tempo.

VI. O Servizo Galego de Saúde considera que o concello é a entidade idónea para a percepción desta axuda de carácter singular e excepcional por razóns de interese público, non sendo posible promover a concorrencia pública.

A subvención que se outorga a través deste convenio incardínase dentro do obxectivo estratéxico 01.04.05, "*Modernizar e mellorar as infraestruturas e o equipamento sanitario de alta tecnoloxía e facer os nosos centros sanitarios enerxicamente máis eficientes, promovendo a economía circular e o respecto ao medio ambiente*", previsto no Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, aprobado polo Consello da Xunta en data 10.03.2022.

VII. Conscientes da dita necesidade, as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado. Por iso, e a fin de levar adiante as citadas obras de reforma, é necesario a concorrencia de vontades de ambas as dúas partes interesadas, polo que é preciso determinar o contido da dita colaboración.

Á vista do anterior, as partes asinantes acordan outorgar o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes



## CLÁUSULAS

### **Primeira. Obxecto**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Silleda para o financiamento das obras de reforma do Consultorio de Bandeira, de titularidade municipal.

Segundo se detalla no Proxecto Técnico de substitución de cuberta achegada polo Concello de Silleda, as obras de reforma que se pretenden executar teñen por finalidade o seguinte:

A substitución da cuberta do consultorio da Bandeira, afectando a intervención unicamente á envolvente, sen intervir na estrutura portante. Para iso procederase á demolición da cuberta existente de tella e placas de fibrocemento, substituíndoa por un sistema de cobertura a base de panel sándwich illante de aceiro de 40mm de espesor con acabado prelacado e núcleo illante, que mellora a eficiente enerxética da envolvente en cuberta

Prestarase especial atención a todos os encontros do novo material de cuberta coas fachadas e petos de cuberta, substituíndo así mesmo o canlón da fachada sur e xerando un novo canlón oculto na fachada norte, perfectamente impermeabilizado que evite filtracións de auga ao interior da edificación.

### **Segunda. Orzamento das actuacións**

O orzamento das obras de reforma, segundo se desprende do proxecto técnico achegado polo Concello de Silleda de marzo de 2025, ascende a 107.780,62 €.

O Concello e o Servizo Galego de Saúde repartiranse o financiamento das obras a realizar, quedando a distribución como a continuación se indica:

Achegas máximas	
Concello (50%)	53.890,31 €
Servizo Galego de Saúde (50%)	53.890,31 €
<b>Total</b>	<b>107.780,62 €</b>

No suposto de producirse incremento na liquidación final, este repercutirá na parte que execute as obras.



### **Terceira. Requisitos**

De acordo co establecido no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, será requisito para a concesión desta subvención directa que o concello cumprise co deber de remisión ao Consello de Contas da súa conta xeral.

### **Cuarta. Compromisos do concello**

O concello obrígase a:

1. Levar a cabo as actuacións necesarias para a correcta execución das obras obxecto deste convenio (redacción de documento técnico necesario para a execución das obras, licitación, adjudicación e execución das mesmas).

2. Cofinanciar as obras a realizar polo seguinte importe:

Achega do Concello	53.890,31 €
--------------------	-------------

3. Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Consonte o establecido no artigo 27.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o concello asume, na súa condición de beneficiario, a total responsabilidade ante o Servizo Galego de Saúde, da execución da actividade subvencionada. Tamén se compromete a requirirlle ao contratista a obriga de colaboración para o exercicio das funcións de control previstas no artigo 45 da citada lei.

5. Facilitar, se fose o caso, toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente convenio.

6. Comunicar ao Servizo Galego de Saúde, se fose o caso, a alteración nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto deste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais para os efectos de propoñer, se procedera, de conformidade co disposto na cláusula novena, a modificación das condicións establecidas neste convenio.

7. Comunicar ao Servizo Galego de Saúde a data de recepción das obras para os efectos de que esta envíe un representante se así o estima oportuno.



### **Quinta. Compromisos do Servizo Galego de Saúde**

O Servizo Galego de Saúde cofinanciará as obras a realizar, con cargo á aplicación orzamentaria 5001 412B 760.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, na que existe crédito axeitado e suficiente, e co seguinte importe:

Achega do Sergas	53.890,31 €
------------------	-------------

Corresponderá ao Servizo Galego de Saúde a coordinación, xunto co concello, daquelas actuacións que resulten necesarias para garantir o mantemento e a continuidade asistencial durante o prazo de execución das obras.

### **Sexta. Xustificación e pagamento**

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan as especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Trala sinatura do convenio e, de conformidade co disposto no artigo 63.1.Dous do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, cando o investimento esixa pagos inmediatos, poderase realizar un pago anticipado por importe máximo do 50% da subvención concedida. A tal fin, o concello achegará a seguinte documentación:

- Escrito de solicitude de pago co número de conta bancaria.
- Contrato asinado coa empresa contratista.

A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada.

O concello xustificará a subvención mediante a presentación da seguinte documentación:

1. Certificación da intervención ou do órgano que ten atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade do gasto realizado e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

2. Certificación expedida pola secretaría da entidade local, co visto e prace da alcaldesa, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

- O cumprimento da finalidade da subvención.
- Os gastos totais imputables á actuación subvencionada, coa identificación do acredor/a, número de factura, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.



- Os documentos acreditativos dos gastos realizados con recursos propios.
- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, coa indicación do importe e a súa procedencia, de ser o caso.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa administración pública da comunidade autónoma de conformidade co establecido nos artigos 10 e 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas.

O período subvencionable será dende o día da sinatura do convenio ata o día 10 de decembro de 2026. A data límite para a xustificación destes gastos será o 11 de decembro de 2026.

No caso de que o gasto xustificado polo concello non acadase o orzamento total previsto na cláusula segunda, o Servizo Galego de Saúde so alcanzará o importe que represente o 50% da cantidade efectivamente xustificada.

De conformidade co establecido no artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas con carácter xeral, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local. A entidade local beneficiaria estará obrigada a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria da beneficiaria de cada un dos aboamentos da subvención concedida.

### **Sétima. Comisión de seguimento**

Coa finalidade de asegurar o bo fin e cumprimento do obxecto deste convenio, constituirase unha comisión de seguimento á que corresponderán as seguintes funcións:

1. Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas para tal fin.
2. Interpretar en caso de dúbida o contido do mesmo.
3. Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na súa aplicación.

A comisión estará formada por un total de catro persoas, das cales, dúas serán designadas polo Servizo Galego de Saúde, e dúas serán designadas polo Concello. A competencia para



esta designación correspóndelle ao/á máximo/a responsable de cada unha das partes asinantes do convenio.

A comisión reunirse a solicitude dunha das partes, considerándose constituída coa asistencia de, como mínimo, unha persoa representante de cada entidade asinante.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas polo Servizo Galego de Saúde, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos que esgotan a vía administrativa poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante este mesmo órgano, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e/ou interpor recurso contencioso administrativo segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co artigo 46 da citada Lei 29/1998.

De ser o caso, non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo ata que non sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

### **Oitava. *Natureza do convenio***

Este convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo regulado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións e demais normas de procedente aplicación.

### **Novena. *Compatibilidade***

Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada. No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

### **Décima. *Revogación, reintegro e resolución***

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, nos artigos 74 e seguintes do Decreto 11/2009,



do 8 de xaneiro, e na Lei 38/2003, do 17 novembro.

Será causa de reintegro total o incumprimento das obrigas establecidas para o concello nas cláusulas deste convenio.

En todo caso, será causa de extinción deste convenio a inviabilidade da realización da actuación por causas non imputables ás partes.

Así mesmo, será causa de extinción a denuncia por causas de interese público a instancia de calquera das partes asinantes.

### **Décimo primeira. *Publicidade***

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. A Consellería de Sanidade, mediante Resolución, dará publicidade no DOG ao Convenio suscrito con indicación do importe da axuda concedida.

Así mesmo, o contratista está obrigado a subministrar ao órgano de contratación, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquel das obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, coas consecuencias que se poidan derivar no caso de incumprimento, nos termos establecidos no artigo 4.4 da dita lei. En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, a información requirida será comunicada á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

### **Decimo segunda. *Vixencia***

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 29 de decembro de 2026.

**Polo Servizo Galego de Saúde**

**Polo Concello de Silleda**

**Antonio Gómez Caamaño**

**Paula María Fernández Pena**

